

Música e poesía


De tu casa a la mía de Uxía e Javier Ruibal



Un disco maravilloso onde se xuntan as poesías de Rosalía de Castro e Federico García Lorca, cantadas pola nosa cantora e embaixadora Uxía e o cantautor andaluz Javier Ruibal. Unha delicia.

O aghinaldo de Malvela

Se vos animades a recuperar o costume de cantar o aghinaldo nestas noites de nadal, podeades aprender estas cancións das Malvela e ir animar a veciñanza.



Nunca máis da Plataforma Nunca Máis

E agora que acaban de cumprirse os 20 anos do terrible afundimento do Prestige e da marea negra terrible que provocou, igual non está de máis lembrar as cancións que xurdiron á conta desta catástrofe ecolóxica.



Do Meiga ao KOHA...

Neste primeiro trimestre produciuse o cambio de programa informático da xestión da biblioteca. Levabamos moitos anos traballando co **Meiga**, pero a Consellería de Educación decidiu pasar as bibliotecas ao sistema libre **Koha**.

E para que vos vaiades afacendo á súa aparencia, velaquí tedes unha imaxe dun libro catalogado co novo programa. Cómpre dicir que acabaremos afacéndonos nós tamén a usalo, pero levar, leva ben máis tempo catalogar. Mais, aos poucos vaise facendo...

A ladroa da biblioteca de Meirás / Eva Mejuto
por **Mejuto, Eva (1975-)** [autor].

Tipo: Libro
Series (Fóra de xogo : 200).
Editor: Vigo : Xerais , 2022
Descrición: 199 p. ; 21 cm.
ISBN: 9788411101059.

Material: Historia | VOICES DE MULLER -- PRIMEIRAS LECTURAS | Muller | Literatura galega contemporánea

Resumo: O prohibido era excitante e aterrador ao tempo. O perigo de ser vista, o medo de que desen con ela, formaba parte dun xogo ao que Mariña estaba prendida. Coábase na mellor biblioteca do mundo, co universo enteiro para ela arrombado nos andeis. Ata que non puidese saír da aldea, ese era, sen dúbida, o único paraíso posible. Ás veces a felicidade era tal que esquecía onde estaba e o perigo que corría. Facía mal en coller "prestados" os libros? Á familia roubáranlle a casa para facer a residencia de verán do Xeneralísimo, así que estaba no seu dereito. E ese verán pasarían tantas cousas que todo cambiaría de vez na vida de Mariña, no Pazo de Meirás e, talvez, no país enteiro...

Etiquetas: Non hai etiquetas.

★★★★★ valoración media: 0.0 (0 votos)

Tipo de ítem	Localización actual	Sinatura topográfica	Dispoñibilidade	Data de vencemento	Datos do exemplar
	IES Lamas de Castelo		Dispoñible		

... e tira porque nos toca!

Aí vén o Nadal!



O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo animávos a ler nestes días libres.



Un paseo á beiramar e un libro para relaxar!


Boas vacacións!!!



Mulleres da nosa historia


As alumnas de Paula Carballeira

Unha obra de teatro en homenaxe a unha das mestras republicanas, **María Barbeito**, lembrada por dúas das súas alumnas moitos anos despois.






E seguindo con mulleres importantes da nosa historia, unha das nosas pioneiras no cine e no teatro, **María Casares**. Galega, nacionalizada francesa ao exiliarse en Francia por ser filla do ministro republicano Santiago Casares Quiroga. Unha figura importantísima no século XX e un modelo a seguir. Hoxe os premios máis destacados do teatro en Galicia levan o seu nome.

María Casares. A impaciencia por vivir de María Canosa e Bea Gregores.



Móllate con nós!

Neste curso falamos de traballar nun **proxecto interdisciplinar** que tivese como centro de atención a auga. Cómprenos concretar actividades e fixar tempos para darlle a atención que merece. Son moitas as posibilidades que temos para achegármonos a esta temática e desde os máis variados puntos de vista: desde as lendas relacionadas con ela, desde a divulgación científica, desde a análise ecosocial, só por citarmos algúns dos posibles.



De todo un pouco

Que me pare o corazón se te esquezo de Andrea Maceiras

Blue Shiva é a deusa das redes sociais. Na súa popular canle aparecen os retos virais máis arriscados. Pero tamén é unha deusa fráxil. Unha historia curiosa e narrada a dúas voces.



Un ewok no xardín de Pedro Ramos

Gañadora do Premio Edebé de literatura xuvenil. «Unha novela

arriscada, cun tema valente e necesario hoxe en día, que lles interesa e preocupa aos mozos. Destaca literariamente polo seu estilo, espido de recursos, que formalmente te atrapa».



Retratos en branco e negro de Charo Pita

Retratos fantasmais onde o extraordinario e o cotián, a fotografía e a palabra, o branco e o negro van da man para construíren realidades que, dalgún xeito, acaban apuntando á nosa.

